



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA OBRA DE REXENERACIÓN DE FIRME NA ESTRADA DE FERREIROS (ADAI) A OMBREIRO. EXPDTE 51-2017. APERTURA DE DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

Sendo as 13:20 horas do día 5 de abril de 2018, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida polo Xefe do Servizo de Contratación, don Xosé Manuel Cao Rei, e actuando como vocais:

- don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Municipal.
- dona Susana Penedo, Técnico do Servizo de Urbanismo.
- dona María García Ferro, Vicesecretaria do Concello de Lugo actuando en substitución do Asesor Xurídico.

E dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación actuando como Secretaria da mesa.

Tamén asiste ao acto público dona Ángeles Lorenzo Paz, en representación da APEC.

Abre a sesión o Sr. Presidente e procédese por parte da Secretaria da mesa a dar lectura ao informe do negociado de rexistro do día 5 de abril de 2018, no que se pon de manifesto que á referida contratación se presentaron as seguintes plicas no rexistro deste Concello:

- . DA SILVA CONTRATAS Y ASFALTOS, S.L.
- . OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS, S.L. UNIPERSONAL.
- . GRUPO BASCUAS 2008, S.L.
- . TRANSFORMACIONES AGRARIAS ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGO, S.L.
- . CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUELEZ, S.L.

. CONSTRUCCIONES SANLE, S.L.: Esta plica foi presentada na subdelegación do goberno debido a incidencias informáticas no Concello de Lugo e recibida neste rexistro mediante correo ordinario o día 5-04-2018. Consta Informe "*Xustificante de Entrada*" do Rexistro Xeral do Concello de Lugo do teor literal seguinte: "*RET. 2 SOBRES BLANCOS CON DOCUMENTACIÓN PARA EXPTE: 51-2017 REXENERACIÓN DE FIRMES DE FERREIROS A OMBREIRO; PRESENTADA EN SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO DEBIDO A INCIDENCIAS INFORMÁTICAS EN EL CONCELLO DE LUGO, Y RECIBIDA EN ESTE REGISTRO MEDIANTE CORREO ORDINARIO EL DÍA:5-4-2018. ESE DÍA (02/04/2018) UN TRABAJADOR DE SANLE VINO A ENTREGAR LAS PLICAS Y AL NO FUNCIONAR EL REGISTRO SE REMITIÓ A LA SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO.*". Por dito motivo, a Mesa enténdea presentada en prazo por rexistro.



CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/cbg

Ref: ACTA ADMNTVA

Asunto:

Así mesmo infórmase por parte da secretaria da mesa de contratación da presentación en tempo e forma por correo das seguintes plicas:

- . FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- . EXPLOTACIONES GALLEGAS, S.L.
- . CANARGA, S.L.
- . CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.
- . CHOLO, S.L.
- . OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
- . ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS, S.L.
- . GRUPO BASCUAS, S.L.

Unha vez comprobada que a documentación administrativa é correcta a Mesa de Contratación acorda a apertura do sobre B (oferta económica e suxeita a criterios de valoración matemáticos).

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia as 13:30 horas

O PRESIDENTE


Asdo: Xosé M. Cao Rei



A SECRETARIA


Asdo: Ana Tabarés Martínez